



26 xaneiro 2022

NOTA DE PRENSA

O Pleno do Consultivo desestima realizar declaracións públicas sobre informes emitidos

O Consultivo “só se pronuncia a través dos seus ditames e informes”. A este organismo “sonlle alleos os debates políticos que susciten ditos ditames e informes”

O Pleno do Consello Consultivo de Galicia, en sesión celebrada hoxe, acordou trasladarlle á opinión pública que este organismo, como supremo órgano de consulta e asesoramento xurídico da Xunta e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, “só se pronuncia a través dos seus ditames e informes”, polo tanto, “sonlle alleos calesqueira debates públicos que susciten tales ditames ou informes”.

Ao Consello Consultivo foille encomendada pola Xunta de Galicia a elaboración dun informe sobre a posibilidade de adscribir terreos de dominio público marítimo terrestre, actualmente ocupados por instalacións da pasteira ENCE, ao Porto de Marín (Pontevedra).

O informe foi emitido con data 20 de outubro de 2021, suscitando a cuestión un amplo debate social e político. No ámbito deste debate, un representante dunha asociación ecoloxista expresou a súa pretensión de que o Consello Consultivo realizase declaracións públicas en relación con opinións ou interpretacións manifestadas sobre o citado informe.

A este respecto, o Pleno do Consello Consultivo quere aclarar que os seus integrantes “teñen prohibido por lei realizar declaracións ou manifestacións públicas en relación cos asuntos de que coñecesen” (por razón do seu cargo).

O Consello Consultivo actúa con absoluta independencia e os seus cinco compoñentes, elixidos polo Parlamento de Galicia e polo presidente da Xunta de Galicia, non están sometidos a mandato imperativo algún.